

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 7 de xullo de 2009 pola que se dá publicidade á relación de postos de traballo do profesorado de relixión dos centros de educación infantil, educación infantil e primaria, educación primaria, educación especial, centros públicos integrados e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

Advertido un erro na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 134 do venres, 10 de xullo de 2009, é necesario efectuar a seguinte modificación:

No anexo II, provincia de Ourense, onde di:

321007	32002781	CPI Tomás Terrón Mendaña	Carballada de Valdeorras	37,30	32015475	IES Abrente	Ribadavia	Mandianes Lama, Simón
--------	----------	--------------------------	--------------------------	-------	----------	-------------	-----------	-----------------------

Debe dicir:

321007	32011305	CPI Tomás de Lemos	Ribadavia	37,30	32015475	IES Abrente	Ribadavia	Mandianes Lama, Simón
--------	----------	--------------------	-----------	-------	----------	-------------	-----------	-----------------------

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Corrección de erros.-Orde do 15 de xuño de 2009 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de colaboradores-bolseiros para residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.*

Advertido un erro no anexo da devandita orde, publicada no DOG nº 124, do 26 de xuño de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 11.194, anexo de solicitude da orde, no cadro correspondente á declaración do solicitante debe entenderse incluído o texto que a continuación se relaciona:

«En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos na presente solicitude serán incorporados ao ficheiro «residencias xuvenís», do que é responsable a Consellería de Traballo e Benestar para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento e non serán cedidos a terceiros, agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias e en caso de que unha lei o establecese. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e oposición ante o responsable do tratamento «Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado» no enderezo: edificio administrativo San Caetano s/n, bloque III 1º- 15781 Santiago de Compostela (A Coruña)».

*Resolución do 29 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos pola suprimida Consellería de Traballo no primeiro cuadrimestre de 2009.*

O artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xullo), impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración previstos no artigo 3.1º c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para lle dar cumprimento a esa obriga,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Darlle publicidade á relación de convenios previstos no artigo 3.1º c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, subscritos pola suprimida Consellería de Traballo nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril de 2009, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2009.

Cristina Ortiz Dorda  
Secretaría xeral da Consellería de Traballo  
e Benestar